UNIVERSIDADE DA CORUÑA

| Guía Docente | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Datos Identificativos | | | | 2014/15 |
| Asignatura (*) | Xestión e innovación das institucións socioeducativas | | Código | 652512214 |
| Titulación | | | | |
| Descriptores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Mestrado Oficial | 2º cuadrimestre | Primeiro | Optativa | 4.5 |
| Idioma | Galego | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Pedagoxía e Didáctica | | | |
| Coordinación | Cruz Lopez, Laura | Correo electrónico | laura.cruz@udc.es | |
| Profesorado | Candedo Gunturiz, Maria Dolores Fatima<br>Cruz Lopez, Laura<br>Iglesias Galdo, Ana Maria<br>Serantes Pazos, Araceli<br>Zapico Barbeito, Mª Helena | Correo electrónico | dolores.candedo@udc.es<br>laura.cruz@udc.es<br>ana.iglesias@udc.es<br>araceli.serantes.pazos@udc.es<br>helena.zapico@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Esta materia, integrada na especializade da acción socioeducativa, está orientada a identificar as claves da innovación, concebida como un proceso de mellora. Farase especial fincapé na dimensión ética e política da xestión, así como nas relacións de xénero e (des)igualdade nas organizacións.<br><br>Partindo das culturas de traballo de diferentes ámbitos profesionais da Educación Social (protección e reeducación de menores, envellecemento e programas interxeracionais, servizos sociais e comunitarios, educación ambiental), propoñémonos recoñecer aqueles elementos asociados ás "boas prácticas", que incidan especialmente na promoción de redes comunitarias de aprendizaxe e innovación. | | | |

| Competencias da titulación | |
|---|---|
| Código | Competencias da titulación |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|---|---|---|
| Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe) | Competencias da titulación | | |
| Identificar as claves dos procesos de innovación nas institucións | AP3<br>AP6<br>AP10<br>AP11 | BM2<br>BM5<br>BM7<br>BM12<br>BM13<br>BM14<br>BM15<br>BM16 | CM4<br>CM6<br>CM7<br>CM8 |
| Recoñecer elementos asociados ás "boas prácticas" nos distintos ámbitos de xestión | AP6<br>AP8<br>AP11 | BM2<br>BM5<br>BM7<br>BM12<br>BM13<br>BM14<br>BM15<br>BM16 | CM4<br>CM6<br>CM7<br>CM8 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Coñecer procesos de funcionamento de redes comunitarias de aprendizaxe e innovación | AP2<br>AP10<br>AP11 | BM2<br>BM5<br>BM7<br>BM12<br>BM13<br>BM14<br>BM15<br>BM16 | CM4<br>CM6<br>CM7<br>CM8 |

| Contidos | |
|---|---|
| **Temas** | **Subtemas** |
| 1. Perspectiva de xénero e innovación | 1.1. O deseño da innovación como proceso de mellora.<br>1.2. Relacións de xénero e (des)igualdade nas  organizacións. |
| 2. Ética e política na xestión de organizacións inclusivas | 2.1. Enfoque crítico-democrático.<br>2.2. Calidade como imperativo ético. |
| 3. Dimensións e ámbitos de xestión | 3.1 Xestión e innovación en centros de protección e reeducación.<br>3.2. Xestión e innovación no eido do envellecemento e a solidariedade interxeneracional.<br>3.3. Xestión de redes: entidades, institucións e cidadanía.<br>3.4. Xestión e innovación na educación ambiental. |

| Planificación | | | |
|---|---|---|---|
| **Metodoloxías / probas** | **Horas presenciais** | **Horas non presenciais / traballo autónomo** | **Horas totais** |
| Análise de fontes documentais | 10 | 32 | 42 |
| Discusión dirixida | 10 | 0 | 10 |
| Estudo de casos | 10 | 0 | 10 |
| Seminario | 10 | 0 | 10 |
| Proba de ensaio | 0 | 32.5 | 32.5 |
| Presentación oral | 2 | 4 | 6 |
| Atención personalizada | 2 | 0 | 2 |
| ***Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado** | | | |

| Metodoloxías | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Análise de fontes documentais | Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico. |
| Discusión dirixida | En base a lecturas previas de carácter obrigatorio, a través das que recoller diferentes argumentacións sobre unha temática, favorecendo o debate e contraste de opinións fundamentadas, coa finalidade de que o alumnado constrúa unha visión crítica das diferentes formas de interpretar a realidade socioeducativa. |
| Estudo de casos | Consiste na procura e/ou achegamento dunha serie de casos ou experiencias socioeducativas para o seu estudo, análise e discusión á luz dos referentes teóricos da materia. |
| Seminario | Técnica de traballo en grupo que ten como finalidade o estudo intensivo dun tema. Caracterízase pola discusión, a participación, a elaboración de documentos e as conclusións ás que teñen que chegar todas as persoas participantes no seminario. |

| | |
|---|---|
| Proba de ensaio | Busca responder por escrito a preguntas de certa amplitude valorando a capacidade de razoamento (argumentar, establecer sinerxías, etc.), creatividade e orixinalidade, espírito crítico, síntese, precisión conceptual e redacción. Implica, polo tanto, un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións. |
| Presentación oral | Exposicións de tarefas realizadas tanto de xeito individual como colectivo, diante do grupo de referencia, procurando tirar algunhas conclusións sobre o problema de investigación, documento ou experiencia abordada. |

| Atención personalizada | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Proba de ensaio | A atención personalizada, ben en sesións de aula, ou en titorías en pequeno grupo ou individuais relacionáse coa necesidade dun seguimento do traballo do alumnado cando se empregan as metodoloxías sinaladas, e, ten especial relevancia na conexión das actividades relacionadas coas clases interactivas e expositivas. |

| Avaliación | | |
|---|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** | **Cualificación** |
| Seminario | Técnica de traballo en grupo que ten como finalidade o estudo intensivo dun tema. Caracterízase pola discusión, a participación, a elaboración de documentos e as conclusións ás que teñen que chegar todas as persoas participantes no seminario.<br>Esixe un traballo previo individual e autónomo sobre os documentos, así como a asistencia e participación na aula, formulando preguntas, explorando contradicións, achegando argumentos... co obxectivo de favorecer a reflexión crítica e a comprensión.<br>Valorarase o grao de participación, a calidade das achegas, a capacidade de crítica e reflexión. | 20 |
| Proba de ensaio | Implica un estudo amplo e profundo das cuestións clave abardadas na materia, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións. Valoraranse as capacidades de razoamento (argumentación, sinerxías...), síntese, creatividade e orixinalidade, espírito crítico, precisión conceptual e calidade da redacción, empregando unha linguaxe propia do contexto disciplinar. | 70 |
| Presentación oral | Exposicións de tarefas realizadas tanto de xeito individual como colectivo, diante do grupo de referencia, procurando tirar algunhas conclusións sobre o problema de investigación, documento ou experiencia abordada. | 10 |

| Observacións avaliación |
|---|
| |

| Fontes de información |
|---|

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

| | |
|---|---|
| **Bibliografía básica** | - CORTINA, Adela (1999). La empresa ante la crisis del estado de bienestar una perspectiva ética. Madrid: Miraguano<br>- DELANTY, gerard (2006). Community Comunidad, educación ambiental y ciudadanía . Barcelona: Grao<br>- VILAR, Jesús (2013). Cuestiones éticas en la educación social: del compromiso político a la responsabilidad en la práctica profesional. Barcelona: UOC<br>- MOGENSEN, Finn; MAYER, Michela; BREITING, Soren; VARGA, Attila (2009). Educacion para el desarrollo sostenible. Tendencias, divergencias y criterios de calidad. Barcelona: Grao<br>- CAMPS, Victoria (2010). El declive de la ciudadanía: la construcción de una ética pública. Boadilla del Monte (Madrid): PPC<br>- CAMPS, Victoria (2011). El gobierno de las emociones. Barcelona: Herder<br>- PULEO, Alicia (Ed.) (2008). El reto de la igualdad de género. Madrid:Biblioteca Nueva<br>- UBiETO,J (2009). El Trabajo en Red. Usos posibles en Eduación, Salud Mental y Atención social. Barcelona: Gedisa<br>- CORTINA, Adela (2001). Ética aplicada y democracia radical. Madrid: Tecnos<br>- VÁZQUEZ RECIO, Rosa (2013). La dirección de Centros: Gestión, ética y política. Madrid: Morata<br>- GUTTMAN, Amy (2001). La educación democrática. Barcelona: Paidós<br>- SÁNCHEZ MARTÍNEZ, Mariano (Dir.) (2007). La evaluación de los programas intergeneracionales. Madrid: IMSERSO<br>- VERNIS, A et al (2004). Los retos de la gestión en las instituciones no lucrativas . Barcelona: Ediciones Granica<br>- SÁNCHEZ MARTÍNEZ, Mariano; KAPLAN, Matthew e SÁEZ CARRERAS, Juan (2010). Programas intergeneracionales. Guía introductoria. Madrid: IMSERSO<br>- DÍAZ-GIBSON, J. y CIVÍS, M (2011). Redes socioeducativas promotoras de Capital Social en la comunidad: un marco teórico de referencia. Cultura y Educación. Fundación Infancia y Aprendizaje, 23 (3), 415-429..<br>- FOUCAULT, Michel (2012). Vigilar y castigar: nacimiento de la prisión. Madrid: Biblioteca Nueva |
| **Bibliografía complementaria** | - DUBET, François (2006). El declive de la institución. Barcelona: Gedisa<br>- BERMEJO, Lourdes (Ed.) (2010). Envejecimiento activo y actividades socioeducativas con personas mayores: Guía de buenas prácticas . Madrid: Médica Panamericana<br>- CORTINA, Adela (1994). Ética de la emprsa. Madrid: Trotta<br>- CAUSAPIÉ LOPESINO, Purificación (Coord.) (2011). Libro Blanco del Envejecimiento Activo. Madrid: IMSERSO<br>- FANTOVA, Fernando (2005). Manual para la gestión de la intervención social. Madrid: Editorial CCS<br>- FERNÁNDEZ, Tomás e ARES, Antonio (coords.) (2002). Servicios sociales: dirección, gestión y planificación. Madrid: Alianza Editorial |

| **Recomendacións** |
|---|
| **Materias que se recomenda ter cursado previamente** |
| |
| **Materias que se recomenda cursar simultaneamente** |
| |
| **Materias que continúan o temario** |
| |
| **Observacións** |
| |

**(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías**